

M^a L. Martínez Calvo (2004): “Os sufixos nominais na *Crónica Troiana*”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 3, 209-218.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

OS SUFIXOS NOMINAIS NA *CRÓNICA TROIANA*

M^a Liliana Martínez Calvo

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

1. INTRODUCCIÓN

Antes de nada, debemos aclarar un pouco o título que aparece na documentación: “Derivación nominal no galego medieval”. Foi un recurso de urxencia ó que botamos man á hora de inscribi-lo presente traballo. É indubidable que non é posible, nun espazo tan curto, facer unha abordaxe seria da derivación nominal nunha sincronía tan ampla como é a medieval. Por esta razón é a nosa obriga especifica-lo noso campo de traballo para evitar confusións.

Na presente comunicación ímonos ocupar da sufixación nominal nunha obra concreta. Centrémonos nun estudio pormenorizado da “Crónica Troiana”, obra en prosa do século XIV, que foi escollida por se-lo manuscrito máis fiable co que contamos hoxe.

Nun primeiro paso, elaboramos unha listaxe de tódalas unidades nominais existentes no texto, eliminando tódolos verbos, adverbios, preposicións e conxuncións. Nunha segunda volta, fomos eliminando tódalas unidades que non tiñan carácter derivado, quedando só coas unidades nominais derivadas independentemente da base sobre a que foron creadas. Sen embargo, aínda tivemos que facer unha última escolla, dado o grande número de unidades e a imposibilidade de facer un estudio axeitado de todas. Por iso, o noso traballo baseouse nun corpus formado por tódolos substantivos derivados, deixando os adxectivos.

Unha vez que tiñamos perfilado o noso corpo de estudio; comezámo-lo labor, tendo que delimitar qué bases e qué sufixos admiten e a súa significación posterior. Servíndonos dos datos recollidos perfilamos cáles son os cambios máis significativos respecto ós sufixos derivativos do galego actual. Deste xeito, fixemos dous apartados: un facendo referencia ós sufixos que se manteñen na actualidade e ás súas peculiaridades. E outro, atendendo a aquelas unidades que non temos na actualidade, mencionando o seu significado, as bases ás que se aplican e os seus paralelos na sincronía actual.

A seguir imos facer referencia, nunha breve exposición, ós sufixos nominais que atopamos nesta obra, e que perduran no galego de hoxe. Destes sufixos só nos referimos a aqueles que, polas súas peculiaridades respecto á base, ou cando as diferencias existentes entre estes sufixos no século XIV e a actualidade sexan realmente significativas. Por esta mesma razón, pódese botar en falta algún que outro sufixo, ó que non facemos referencia, non por carecer de importancia; senón porque a súa produtividade é semellante á actual ou, simplemente, por non ter características propias pertinentes e significativas para incluílo neste breve esbozo.

2.1. Nominalización deverbais

Comezámolo noso camiño falando da *nominalización deverbais*. Un dos procedementos de formación de palabras máis productivos no galego da “Crónica”. Son aqueles substantivos que teñen como base de formación un verbo. Os sufixos máis interesantes son:

- (a)nça, - (e)nça, - (j)nça

Sufixo nominal que sobre bases verbais crea substantivos de tipo abstracto. Os posibles alomorfos deste sufixo sempre están ligados ás diferentes conjugacións dos verbos que serven de base; posto que a única variación é a vocal temática dos verbos base da formación. O seu significado é o de “actitude ou estado adquirido pola acción da base verbal”.

No galego actual obsérvase a supervivencia do sufixo **-nza**, como sufixo de carácter popular, ó par, do sufixo **-ncia** sufixo de tipo culto, deste sufixo non temos recollidos exemplos na obra.

A única referencia que debemos indicar é a da serie de palabras derivadas mediante este sufixo que hoxe optan por outro tipo de sufixación. É o caso de:

Estremaça co significado de “similitude”, “semellanza”.

Et cõmoquer que anbos se semellassen auja entre elles hũa *estremãça*, ca Deifebus era bon caualleyro d’armas (CT., 76, 274)¹.

Firmãça co significado de “producto de asinar algo”.

Dizedelles de m̃j aparte que paz, nẽ pleito, nẽ *firmãça*, nõ auerán elles cõmjgo· (CT. 101, 293)

Rrenẽbrãça equivalendo a “lembranza”.

et en nehũ tenpo do mũdo nõca será feyta de nõs *rrenẽbrãça* que nõssa onrra fosse, se este feyto nõ acabassemos (CT. 153, 376)

¹ Para os exemplos indicaremos que as referencias se deben interpretar do seguinte xeito: CT. equivale a Crónica Troiana, a continuación nomeámolo capítulo e a páxina.

Dultãça o actual “dúbida”, sobre un primitivo “dultar”.

erã tã bõas et tã fortes que de ñ hũ enperador nõ auerían *dultãça*, por poderoso que fosse (CT. 13, 231)

Deteẽça equivalendo a “parada”.

Et tãtas erã y as feguas dos ueados et as outras marauillas que sería grã *deteẽça* de as cõtar todas (CT. 208, 437)

Perlongança por “prolongación”.

Agora nõ aia y mays *perlongança*, mays dádeme mil caualeyros pera rrefrescar nossas azes (CT. 138, 356)

Perdoança por “perda” ou “derrota”.

Pois rrogarõ muyto por Elena, que ouese *perdoança* co õs gregos et cõ seu marido” (CT. 405, 644)

Maaestança e *Bõaestança* son dúas palabras compostas plenamente integradas na lingua por “inconveniente” e “prestancia”.

Seería rretraúdo pera senpre por esta rrazõ et porla (a) *maaestança* que fezera (CT. 500, 730)

Et esto lles he *bõaestança*, que cõ a grã coyta que ven ao home, ou cõ gerra, ou cõ proueza, ou desonrramento, lle poden coñoscer pera quanto he, ou quanto ual, ou se he boõ, ou se he mao (CT. 52, 263)

Dentro deste grupo é digno de mención, o termo *omildança*. Onde temos unha aplicación, non abundante, posto que a base de formación é un adxectivo e non un verbo, que é o máis habitual nesta obra. O termo usado hoxe é “humildade”.

Achiles fezo logo escriuir todo quanto lle aquel deus ouuo dito, et, cõ grãde *omildança*, foy ficar os gẽollos ante o altar (CT. 90, 283)

-dura

Aplicado sobre bases verbais co significado do resultado da acción verbal ou efecto da mesma. Este sufixo permanece na lingua actual, cun significado análogo; pero diremos que se reduce o campo de aplicación. Na “Crónica” observamos que é un sufixo altamente productivo. Un exemplo de cambio é:

Debuxadura equivale, no texto, ó actual “escultura”.

“Et ño mũdo nõ fuj *debuxadura*, nẽ obra que en p(r)intura podese seer lavrada que alý nõ fose” (CT. 350, 582)

-mento

Neste apartado non podemos deixar de mencionar un dos sufixos máis productivos nesta obra. Este sufixo crea substantivos de tipo abstracto, sobre unha base verbal. A súa significación é a de “efecto ou consecuencia da acción indicada pola base”.

Se é certa a supervivencia do devandito sufixo na lingua actual; sen embargo, cómpre sinala-los exemplos máis salientables.

Falimento. Sobre unha base verbal “falir” que significa “faltar”. Deste termo temos que dicir a non permanencia do substantivo na lingua actual. Posto que, o verbo base xa comezaba a escasear no seu uso no século XIV e tamén os seus derivados.

“Et eu sey ben que os deuses nos dyrá verdade sen *falimento*, ca el he de moy bon cõssello” (CT. 89, 283)

Acapelamento. Termo curioso que ten o significado “combate”, “enfrentamento” ou “matanza”. Formado sobre unha base verbal “acapelar”; tanto o termo estudiado coma a base da que se forma non pervive no galego. Aínda que si atopámo-lo termo en portugués co significado, entre outros, de “axitación no mar”, que sería o máis achegado ó que atopamos no medieval.

“desý ajuntárõse todos, el alý sse cõmeçou hũ *acapelamento* tã cru et tã sen piadade que esto sería hũa gran maravilla de contar”. (CT. 288, 519)

Esmayamento. Debemos indicar que sobre a base “esmayar”, o termo máis antigo, fórmase este substantivo abstracto. Aínda que, xa no século XIV, aparece o verbo “desmayar”, termo que perdura ata hoxe. Cómpre mencionar que o substantivo sinalado non aparece hoxe, nin baixo a base estudiada, nin baixo a base máis moderna, prefírense vocábulos coma “desmaio”.

“Et tomarõ tã grande *esmayamento* que cousa ño mũdo nõ podiã entender, et ia qui-riã leyxar o cãpo et desanpararse”. (CT. 328, 563)

Basteçemento. Só temos que dicir que o verbo sobre o que se forma o substantivo, a partir do século XVI vese incrementado no radical polo prefixo *a-*: *abasteçer* e tódolos derivados presentes na actualidade fórmanse a partir dese verbo. De aí, que hoxe só atopémo-lo termo: *abastecemento*.

“Pero sua entẽçõ he que nós que comamos et guastemos tódaslas cousas do *basteçemento* que tẽemos et perlo que deuemos gorir” (CT. 188, 410)

Enpeesçemento. Formado sobre o verbo “enpeeçer”, debemos indicar que é unha palabra que non aparece na lingua actual. Sinalaremos que non aparece hoxe este substantivo; aínda que si conservámo-lo verbo “empecer” co significado “obstaculizar”.

“Et por esto lles nõ uõo *enpeesçemento*, senõ os ollos anbos (que) lle quebrará ñna cabeça”. (CT. 411, 650)

Afazemento. Creado sobre unha base “afazer”, verbo común no ámbito medieval e tamén no actual. Pero o que debemos mencionar deste termo é que no século XIV ten un significado especial que é o de “arrimo” ou “amizade”. E así o temos no texto.

“Et dizedo de hũ el do al que falarõ tã grã *afazemento* entre sy”. (CT. 93, 284)

Correghemento. O verbo “correger” ten o significado “emendarse”. Esta palabra non se conserva, senón que se prefire termos como “correctivo” ou “emenda”.

“Et se nós depoyos por ende llo fezemos, ¿que *correghemento* á auer, senó a que faz mal, fazerlle outro?”. (CT. 22, 238)

-dor

A continuación imos estudar un dos sufixos máis rendibles nesta obra, se nos atemos a aqueles sufixos creadores de nomes de oficio ou tamén, cunha 2ª acepción: o axente da acción que indica a base sobre o que se fai a palabra derivada. Seguindo a nosa tónica faremos un breve comentario sobre os casos máis rechamantes, xa que se trata dunha unidade en plena vixencia na lingua actual.

Posfaçador. Sobre unha base verbal “posfaçar” que significa “falar mal de alguén ou inxuriar”, fórmase este substantivo que designa a aquel que se dedica a inxuriar, ou sexa, un inxuriador.

“Et nõ era escarnidor, nõ uilão, nõ *posfaçador*, segun entedj per Dayres” (CT. 75, 274)

2.2. Denominais

Nun segundo punto deste apartado imos tratar dos *denominais*. Como xa sabemos son os substantivos formados a partir de substantivos. Aqueles sufixos que nos chaman máis a atención son:

-ada

É un sufixo que ten significacións múltiples. Cinguirémonos ó estudio deste sufixo cando produce substantivos, co significado “golpe producido” polo termo que funciona coma base.

Temos que falar do termo *azcũada*, onde o sufixo indica, como xa dixemos, “golpe dado polo instrumento de base” neste caso a *azcũa*, trátase dunha arma da época, vocábulo inexistente hoxe. Pero, mantense en apelidos como “Azconada”.

“Que ouuo duas *azcũadas* e tres espadadas perla cabeza” (CT. 253, 483)

-eyra

Sufixo formador de substantivos (entre outras unidades) a partir de distintas bases. Neste apartado faremos mención ós substantivos produto deste sufixo, pero tendo como base outro substantivo. O máis significativo son os termos:

Gorgeyra. Substantivo que designaba a “peza da armadura militar que, a xeito de collar, rodeaba a gorxa”. Esta palabra na lingua actual mantense; pero cun significado especializado “pelello que lles colga a algúns animais por debaixo do pescozo”. Este sufixo, tanto na obra como na actualidade, ten un significado localizador con valor espacial.

“Et desí tomouo perlo auantal da *gorgeyra* porlo leuar preso, mais nõ podó” (CT. 379, 620)

Espaldeira. Sobre unha base substantiva “espalda” créase este substantivo; pero o que debemos sinalar é o significado que nesta altura adoptou o termo. O sufixo achega o contido locativo xa sabido; sen embargo, o máis rechamante é que a palabra non se refire ó lugar onde pousámo-las costas, senón á cabeceira da cama.

“Mays iazia acostado en hũ leyto [...] as *espaldeiras* erã dun oso moy preçado de prez, de que muyto fala Paltó en seus livros” (CT. 243, 470)

Outro significado que adopta este sufixo é o de “lugar ou obxecto onde se garda ou se usa algo”, un exemplo deste tipo que non pervive no galego de hoxe é o termo *saeteyra*: receptáculo onde se disparaban as setas “proxectil que arrebola a besta”.

“Et os portaes erã fortes, et as entradas auesas, et as *saeteyras* moytas, et as arquetas moytas et de moytas guisas et per çima dos andámeos” (CT. 361, 596)

-al

O sufixo nesta sincronía ten dous valores, como unidade creadora de substantivos, que son os seguintes:

Aparece co valor ou indicador de “lugar onde abunda algo”: *Maçãal*, neste caso témo-lo lugar onde hai “maceiras”; pero formado sobre o substantivo “mazán” de carácter dialectal actualmente.

“Et uirõ seer el rrey aa soõbra de hũ *maçãal*” (CT. 20, 237)

O sufixo forma substantivos que designan partes concretas da armadura militar: *braçal*, *uisal*, *uãtal*, *auãtal*. Do que deducimos que o valor do sufixo é locativo, o lugar onde se sitúa a peza en concreto. Son termos non conservados hoxe.

“Et Neutélamos fereu el Rrey Serpedóm per lo escudo, so o *braçal*, en guisa que o fendeu, mays a loriga era moy bõa e nõna rronpeu” (CT. 252, 482)

“Et deulle hũa tã grã ferida ão rrostro cõ hũ trançõ de lança que tragía que lle pregou o *uisal* do elmo cõ os narizes et lle fezo longe correr o sange” (CT. 134, 351)

“Et foy dar a el rrey Cástor hũa lançada, et falsoulle o escudo da outra parte et o *uãtal* da loriga” (CT. 6, 223)

2.2.1. Sufixos apreciativos

O conxunto de *sufixos apreciativos* alteran semanticamente a base dun modo subxectivo emocional; pero sen cambia-la súa categoría gramatical. Subdivídense en diminutivos con idea de diminución e afectividade; e os aumentativos que, á parte da idea de maior dimensión, tamén poden ter un valor despectivo.

Ben, na “Crónica Troiana” aparecen sufixos apreciativos tanto diminutivos como aumentativos. Se ben, non son moi frecuentes, na súa maioría temos que falar do seu uso lexicalizado, onde o valor subxectivo se vai perdendo. Ímonos ocupar deste tipo de substantivos.

-ete, -eta

Son ámbolos dous sufixos diminutivos, que nalgúns casos poden ter valor despectivo. Como xa dixemos aplícanse a base nominais. Pero os casos máis significativos nesta obra son aqueles onde o sufixo nin ten valor despectivo, nin forma substantivos coa noción de diminución de tamaño. Son casos de lexicalizacións.

Os exemplos ós que nos referimos son os seguintes:

Caseta co significado de “urna”

“Desí collerō a çijnsa del, el guardārōna muy bem et moyto honrradament en hũa *caseta* d’ouro muy rica et moy noble que acharā ño tesouro del rrey Priamo”. (CT. 447, 680)

Arqueta ten dous significados diferentes “arca pequena”, o sufixo ten valor diminutivo. Pero o outro, que é o máis sorprendente, é o de “pequena plataforma do alto da torre”.

“Mays en aquesta porta ño auja cubo, ñē balcō ñē *arqueta*, mays auja y moy grādes torres”. (CT. 120, 317)

Cubete ten a significación de “torre circular da fortaleza”.

“Et sabede que en todo o muro ño ouuo y torre ñē *cubete* ñē arca hũu algũ home possesse estar lidando en que ño estouesse syna ou pendón de fēuera cō bandas d’ouro”. (CT. 120, 316)

Destas unidades cómpre sinala-lo seu uso xa lexicalizado no século XIV e que, nalgúns casos, aínda se mantén hoxe. En claro contraste con termos como “leonçetes”, onde o sufixo achega un palpable valor diminutivo.

“Et o escudo que leuaua auía o cāpo d’ouro et dous *leonçetes* de uis”. (CT. 379, 614)

-jñas

Estamos ante un dos sufixos diminutivos máis coñecidos e tamén máis estudados no galego.

Capeljñas. Ten o significado de peza da armadura que protexe a cabeza. Onde podemos observar que o sufixo non ten a noción de diminución de tamaño.

“Et depouys que forō todos ajuntados, dérōsse tātās feridas de lanças e de espadas per los escudos et per çima das *capeljñas* que tragiā” (CT. 127, 331)

Por outra banda, témo-los sufixos aumentativos. Neste caso debemos falar dun sufixo que non só ten valor aumentativo; senón que ó igual que o caso dos diminutivos está lexicalizado.

-om

É un sufixo que podemos considerar aumentativo, nunha das súas posibles significacións. Pero, tamén ten outro significado, que é o de crear substantivos que designan obxectos. No exemplo estudado temos estas dúas vertentes:

Trançom. É un caso paradigmático do dito anteriormente. Posto que, ten valor aumentativo e, á vez, designa un obxecto “unha parte da lanza”. Hai que mencionar que témo-la noción de aumento de tamaño; posto que, se trata dunha tranca de maior tamaño; pero, por outro lado, designa un obxecto concreto.

“El foj morto, quando o trançom da lança fuy fora del” (CT. 279, 509)

-eio

Temos, cando menos, que facer un breve comentario sobre este sufixo no termo *rapazeio*, onde o sufixo non pode ter outro valor que non sexa apreciativo. A base “rapaz” durante toda a Idade Media tiña carácter despectivo cando facía referencia á noción de “mozo novo”. Sen embargo, a partir do século XIV esta noción vaise perdendo, aparecendo as primeiras documentacións na Crónica. Deste modo, marcan o termo despectivo mediante a sufixación. Véxase o contraste:

“Et o *rapazeio* tomava sua pelota ão mão et estaua quedo” (CT. 210, 441)

“Et da outra parte en dereyto estaua hũ rrapaz pequeno, posto per encâtamento et leuãtado en pe” (CT. 210, 440)

2.2.2 Acumulación de sufixos

-illon

O que temos aquí é a amálgama de dous sufixos, que semanticamente son contradictorios. Isto é ó que nos referimos, por unha banda, o sufixo diminutivo *-ill-*, e pola outra, a unidade aumentativa *-om*. É unha combinación que non é abundante no texto, onde tan só temos un exemplo; do mesmo modo no galego actual tamén son exemplos limitados. Na obra aparece o termo *tendillón* co significado dunha tenda do campo de batalla de certo tamaño.

“Et Diomedes foy cõ ela ata que desçeiu en hũ *tendillón* moy rrico” (CT. 203, 425)

2.3. Substantivos deadxectivais

Atendendo o tipo de base sobre a que se aplican os distintos sufixos, falaremos dos *substantivos deadxectivais*. Son aquelas unidades derivadas que toman como base de formación un adxectivo.

-ia

Nesta obra esta unidade adopta o significado ou, mellor dito, a capacidade de formar substantivos abstractos sobre unha base adxectiva, indicando unha calidade. É significativo o caso:

Peoría. Termo pouco usual na lingua actual. Sendo daquela, o antónimo de “mello-ría”. Este termo non existe hoxe, utilizando no seu sitio termos como “empeoramento”.

“Et nõ sabía a qual parte uoluessen, et andauã ja a moy grã *peoría*, et sofrĩã moyto mal” (CT. 116, 309)

-ũe

Partícula derivativa formadora de substantivos abstractos, sobre bases adxectivas. A produtividade na obra deste sufixo é limitada; reducíndose a catro aparicións na totalidade do libro. Sen embargo, temos que facer referencia ó seguinte termo:

Firmedũe. Termo, practicamente descoñecido no galego actual, sendo substituído polo termo “firmeza”. Polo que nos atrevemos a aventurar que a escasa produtividade no galego medieval, e sempre á luz dos datos que proporciona esta obra, ten continuidade ata hoxe.

“Et porrã cõtigo et cõ os teus grã segurãça et grãd amor et grã *firmedũe*” (CT. 100, 292)

3. SUFIOS MEDIEVAIS QUE NON PERDURARON NO GALEGO ACTUAL

Chegados a este punto, temos que comentar aquelas palabras ou termos derivados mediante sufixos que non pasaron á lingua actual. Non podemos ser categóricos, porque non é aquí o lugar nin o momento. Nin tampouco, xa o anticipamos, imos facer grandes descubrimentos; xa que o corpo de estudio é limitado.

Pois ben, nesta obra atopamos un par de sufixos, que se ben gardan unha relación estreita cos sufixos xa comentados; teñen a característica de non persistir na actualidade.

-içe

É un sufixo derivativo, que se aplica a adxectivos e forma substantivos de carácter abstracto. O seu significado é o de establecer unha relación entre a base e a palabra derivada. Nesta obra, non podemos dicir que sexa moi rendible, posto que só temos dous exemplos e unha posible variante.

Sandiçe e *sandeçe* equivalendo ó termo do galego de hoxe “sandez”.

“Quen te mãdou que tã grande atrevemento fezesses et tã grã *sandiçe*” (CT. 23, 239)

Couardiçe. Sobre este último exemplo debemos dicir que sobreviviu no portugués xunto co termo “covardia”. Na actualidade no galego só témo-la palabra “covardia” para designar este concepto.

“Et deriã que esto nõ o leixamos de fazer senõ cõ *couardiçe* et cõ medo” (CT. 164, 389)

-il

Ante este sufixo o oínte ou lector diranos que non ten sentido a súa aparición neste apartado; porque aínda ten vixencia no sistema lingüístico actual. Non vai desencamiñada esta obxección. Este sufixo mantense co significado de “aspecto propio de...” p. ex. “xuvénil” ou tamén cun claro matiz despectivo como é o caso de “sonetil”.

Sen embargo no texto témo-lo termo *pontil*. Termo derivado do substantivo “ponta”, facendo referencia a unha parte do carro. Co cal, o sufixo ten un valor localizador inicialmente; aínda que ligado tamén á acepción de “aspecto propio de...”

“Et por seer mays preçado auja as rrodas todas pregadas en derredor de belmazes, cõ chapas d’ouro ben feytas et ben obradas, et auja o eixo et o *pontil* et todo o al de marfil” (CT. 121, 320)

BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez, R. et alii, *Gramática galega*, Vigo, Galaxia, 1993³.
- Castro Macia, L., *Diccionario xerais de sinónimos*, Vigo, Xerais, 1995.
- Costa, J. Almeida e A. Sampaio e Melo, *Dicionário da língua portuguesa*, Porto, Porto Ed., 1983⁵.
- Ferreira, Aurélio Buarque de Holanda, *Novo dicionário Aurélio da língua portuguesa*, Rio de Janeiro, Nova Fronteira, 1986².
- García de Diego, V., *Diccionario etimológico español e hispánico*, Madrid, Espasa-Calpe, 1985².
- González Fernández, I., *Sufijos nominales en el gallego actual*, en Verba anexo 11, Santiago, USC, 1978.
- Lang, M.F., *Formación de palabras en español*, Madrid, Cátedra, 1992.
- Lorenzo, R. (ed.), *La traducción gallega de la Crónica general y de la Crónica de Castilla, T. II*, Ourense, Instituto de estudios orensanos “Padre Feijoo”, 1977.
- Lorenzo, R. (ed.), *Crónica troiana*, A Coruña, Fundación Barrié de La Maza disposta pola Real Academia Galega, 1985.
- Machado, J.P., *Dicionário Etimológico da Língua com a mais antiga documentação escrita e conhecida de muitos dos vocábulos estudados*, 5 vols., Lisboa, Livros Horizonte, 1977³.
- Magne, A. (ed.), *A demanda do Santo Graal, T. III* (glossário), Rio de Janeiro, Instituto nacional do livro-Imprensa Nacional, 1944.
- Michaëlis de Vasconcelos, C., *Glossário do Cancioneiro de Ajuda*, separata da *Revista Lusitana vol. XXII*, Lisboa, Clásica Editora, 1921, pp. 1-95
- Monteagudo Romero, H. e García Cancela X. (coords.), *Diccionario normativo Galego-Castelán*, Vigo, Galaxia, 1988.
- Parker, K.M., *Vocabulario de la Crónica Troyana*, Salamanca, Acta Salmanticensia, IVSSV senatus, Universitatis, 1958.
- Pena, J., “La palabra: estructura y procesos morfológicos”, *Verba* 18, 1991, pp. 69-128.
- RAG e ILG, *Vocabulario ortográfico da lingua galega* (Versión provisional), [1989].
- Rodrigues Lapa, M., *Vocabulário galego-português, extraído da edição crítica das “Cantigas d’escarnho e de mal dizer”*, Vigo, Galaxia, 1970.
- Seco, M., *Gramática esencial del español. Introducción al estudio de la lengua*, Madrid, Espasa-Calpe, 1989.
- Väänänen, V., *Introducción al latín vulgar*, Madrid, Gredos, 1988³.
- Varela, S., *La formación de palabras*, Madrid, Taurus, 1993.